

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. Sección Desenv.Territ., Coop.e Medio Ambiente

*Axuda ao desenvolvemento - Subvencións para proxectos de investimento*

A xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña, en sesión do 16 de marzo de 2018, acordou aprobar as bases específicas do seguinte programa de axudas:

#### PROGRAMA DE AXUDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE INVESTIMENTOS NO ÁMBITO DA AXUDA AO DESENVOLVEMENTO DURANTE O 2018

**BASES ESPECÍFICAS QUE COMPLEMENTAN AS BASES REGULADORAS XERAIS DAS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACION, PUBLICADAS NO BOP NÚM. 204, DE 26.10.2016 ([http://bop.dicoruna.es/boportal/publicado/2017/10/26/2017\\_0000009052.pdf](http://bop.dicoruna.es/boportal/publicado/2017/10/26/2017_0000009052.pdf))**

#### Datos do programa

Denominación:	Programa de axudas a entidades sen fins de lucro para o cofinanciamento de proxectos de investimentos no ámbito da axuda ao desenvolvemento durante o exercicio 2018
Referencia:	DP0026/2018
Aplicación orzamentaria:	0520/23131/781
Importe total do crédito consignado:	110.000,00 €
Importe máximo do orzamento de gastos:	40.000,00 €
Importe máximo da subvención a conceder:	32.000,00 €
Importe mínimo da subvención a conceder:	8.000,00 €
Coefficiente de financiamento	Entre o 20 e o 80% do orzamento de gastos

#### Base 3.-Obxecto

##### Obxecto específico do programa

1. As presentes bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións por parte da Excm. Deputación da Coruña, en réxime de concurrencia competitiva, para financiar investimentos en proxectos de axuda ao desenvolvemento (cooperación internacional, axuda humanitaria, sensibilización, educación para o desenvolvemento, comercio xusto, ....) que se realicen en 2018 por parte de entidades sen ánimo de lucro que teñan a consideración de beneficiarias de conformidade co establecido nas presentes bases.

2. Os proxectos deberán contemplar no seu deseño e execución as prioridades transversais definidas no III Plan Director de Cooperación Galega 2014-2017, relativas á loita contra a pobreza, a equidade de xénero, a defensa da sustentabilidade ambiental, o respecto polos dereitos humanos e a defensa da interculturalidade, e as seguintes outras prioridades:

- PRIORIDADES XEOGRÁFICAS.–Considéranse áreas xeográficas prioritarias:

a) América Latina e Caribe: Bolivia, Ecuador, Perú, El Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua e República Dominicana;

b) África: Cabo Verde e Mozambique;

c) Oriente Próximo: Territorios Palestinos;

d) Os países considerados como países menos adiantados (PMA) terán, así mesmo, a consideración de países prioritarios por ser países que precisan dunha especial atención por parte de toda a comunidade internacional, como poden ser Malí, Níxer, Senegal ....

e) Terán, así mesmo, a consideración de países prioritarios aqueles países onde a cooperación galega xerese capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e aquelas afectadas por conflitos actuais, esquecidos ou crises humanitarias como son: Poboación Saharahuí, Territorios palestinos e Haití.

f) Aquelas nas que a cooperación galega, e particularmente as entidades beneficiarias, teñan demostrada ampla experiencia de traballo, como poden ser Guinea Bissau e India.

• PRIORIDADES SECTORIAIS. Consideraranse prioridades sectoriais as seguintes:

a) Necesidades sociais básicas: Fortalecemento dos sistemas de saúde básica, a través da atención primaria, nutrición, saúde reprodutiva e materno-infantil, educación para a saúde, etc., mellora dos sistemas educativos, que inclúe educación básica e alfabetización de adultos.

b) Protección das persoas máis vulnerables: infancia e mocidade, en especial, as actuacións destinadas á erradicación de calquera tipo de explotación infantil. Refuxiados e desprazados, potenciando as actuacións encamiñadas a paliar a situación pola que atravesan as persoas afectadas polos conflitos civís e a inestabilidade política. Poboacións indíxenas, promovendo o seu propio desenvolvemento social, económico e cultural, mantendo as súas propias identidades culturais. Mulleres, a fin de fomentar o empoderamento destas potenciando a participación das destinatarias no deseño, execución e avaliación dos proxectos.

c) Mellora das condicións económicas e xeración de ingresos dos colectivos máis desfavorecidos: Desenvolvemento de programas de cooperativismo, así como o fortalecemento do sistema de microcréditos; impulso do comercio xusto, etc. Formación dos traballadores e difusión dos dereitos laborais.

d) Protección e respecto dos dereitos humanos, fortalecemento institucional, fomento de valores humanos, democráticos e igualdade de oportunidades.

e) Desenvolvemento das Institucións democráticas para a solución de conflitos e cultura de paz.

f) Protección e mellora da calidade do medio ambiente, conservación racional e utilización renovable e sustentable da biodiversidade, desenvolvemento da investigación científica e tecnolóxica e fomento de recursos enerxéticos que eviten a deterioración do medio ambiente.

• OUTROS CRITERIOS PRIORITARIOS:

a) Aqueles proxectos que formen parte dun Plan Integral de Desenvolvemento máis amplo e a máis longo prazo.

b) Que requiran unha participación estreita e directa dos beneficiarios últimos da súa execución e que persigan o desenvolvemento integral da área xeográfica onde se materialice o proxecto, en especial dos sectores máis desfavorecidos da poboación, contribuíndo con iso ao desenvolvemento e á diminución da inxustiza social. O proxecto debe redundar na ampliación de capacidades das persoas beneficiarias, e non ser en ningún caso discriminatorio por razón de cultura, raza, xénero, relixión ou orixe. Ademais debe fomentar a igualdade entre homes e mulleres e respectar a protección do medio.

c) Que os proxectos de cooperación internacional se promovan en colaboración cos grupos ou asociacións locais (contrapartes e socios locais, nunca con persoas físicas) que ofrezan garantías suficientes de que os obxectivos establecidos vansen a alcanzar e que participen responsablemente na súa execución material e na xestión dos recursos, constando expresamente o seu compromiso no proxecto. No caso de participación de organismos gobernamentais, as accións desenvolvidas non poden substituír os deberes do poder públicos na prestación de servizos públicos, senón ao contrario, o proxecto debe aliñarse coas estratexias públicas e obxectivos de desenvolvemento do país socio, co fin de garantir a súa adecuación e sustentabilidade.

d) Proxectos presentados por Agrupacións de ONGD.

e) Aquelas accións que sexan complementarias de proxectos emprendidos en zonas onde se desenvolveron con éxito proxectos financiados pola Deputación da Coruña.

f) Aqueles proxectos que incorporen o enfoque de xénero, en todo o ciclo do proxecto.

g) Aqueles proxectos en cuxa elaboración, execución ou avaliación participen persoas residentes na Provincia da Coruña.

3. Considéranse gastos subvencionables os seguintes:

CONTA	DESCRIPCIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PLAN XERAL DE CONTABILIDADE (*)
206	Aplicacións informáticas
211	Construcións
213	Maquinaria
214	Utililaxe
216	Mobiliario
217	Equipos para procesos de información
218	Elementos de transporte
640	Soldos e salarios - Ver punto 4
642	Seguridade Social a cargo da entidade - Ver punto 4
654	Desprazamentos - Ver punto 4
669	Outros gastos financeiros (formalización e mantemento de fianzas, avais ou outras formas de garantía ou financiamento) - Ver punto 5

(\*).-Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos

4. Cando os investimentos subvencionados se realicen en terceiros países, admitiranse como gastos subvencionables os xerados polo persoal da entidade beneficiaria española (na sede ou expatriado), polo tempo adicado ao proxecto, así como os derivados do seu desprazamento dende España ao terreo que fora necesario, sempre que en conxunto non excedan do 10% do orzamento.

5. Ao respecto dos gastos de formalización e mantemento de fianza, avais ou outras formas de garantía ou financiamento, só serán subvencionables os comprendidos entre a data de publicación no BOP da convocatoria e a data de presentación da conta xustificativa.

#### **Base 4.-Exclusións**

##### **Exclusións do programa**

Ademais das exclusións expresadas no punto 4 das bases xerais, non serán obxecto de subvención neste programa os seguintes:

Os gastos que non se correspondan coa execución do proxecto de investimento obxecto da convocatoria

#### **Base 5.-Solicitantes**

##### **Requisitos específicos do programa**

1. Poderán acceder á condición de beneficiario as entidades privadas sen ánimo de lucro validamente constituídas, cunha antigüidade mínima de 3 anos antes da data de finalización do prazo de solicitude, valorándose de modo especial a aquelas que, segundo os seus propios estatutos, teñan entre os seus fins a realización de proxectos de axuda ao desenvolvemento (cooperación internacional, axuda humanitaria e de emerxencia, sensibilización, educación para o desenvolvemento, comercio xusto, ...) e estean inscritas no rexistro galego específico para este tipo de entidades.

2. Así mesmo, son requisitos esixibles aos beneficiarios, que deberán estar cumpridos antes da data de finalización do prazo de solicitude, ademais dos previstos nas bases reguladoras xerais (BOP 204, de 26.10.2017) e na Lei Xeral de Subvencións, os seguintes:

a) Ter domicilio social na Provincia da Coruña.

b) Tamén poderán participar as entidades que non cumpran o requisito anterior, pero teñan delegación ou representación permanente na provincia da Coruña.

c) En todo caso, as entidades solicitantes deberán dispoñer dunha infraestrutura mínima que garanta o desenvolvemento do proxecto para o que se solicita a subvención.

3. Os proxectos deberán de demostrar con claridade a súa viabilidade mediante a análise do seus antecedentes e contexto social, económico e cultural, obxectivos e resultados a acadar, detalle de actividades a realizar, metodoloxía, pertinencia e coherencia das solucións propostas.

4. En proxectos de cooperación internacional, as entidades beneficiarias deberán asegurar a capacidade, implicación e implantación das súas contrapartes ou socios locais, así como a implicación da propia comunidade no proxecto a través da intervención da contraparte.

5. Os beneficiarios destas subvencións tamén o poderán ser doutras que poida conceder a Deputación da Coruña no ámbito das competencias da Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero, sempre que se trate de actividades distintas ás deste programa de subvencións.

#### **Base 6.-Obrigas das entidades**

##### **Obrigas das entidades beneficiarias**

Ademais das expresadas nas bases reguladoras xerais (BOP 204, do 26.10.2017), as entidades solicitantes terán as seguintes obrigas:

Non subcontratar os proxectos ou actividades obxecto de subvención. Para estes efectos, non se considerará subcontrato as actuacións realizadas a través do socio ou contraparte local debidamente identificado no documento de formulación do proxecto.

#### **Base 7.-Solicitudes**

##### **7.1.-Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes (de xeito telemático) determinarase no anuncio de publicación do extracto da convocatoria deste programa no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

## 7.2.–Documentación

As entidades solicitantes que concorran á convocatoria de subvencións deberán achegar a documentación que se indica no punto 7 das bases xerais (BOP 204, do 26.10.2017) e a seguinte:

1. Formulario de solicitude segundo modelo normalizado (Anexo I) facilitado a través da plataforma SUBTEL, accesible desde a web da Deputación <https://sede.dacoruna.gal/>
2. PROXECTO da actividade, que deberá incluír os seguintes apartados:
  - a) Identificación e formulación precisas, con obxetivos claros e adaptados á realidade actual.
  - b) País beneficiario e localización (planos, mapas, vías de acceso, etc.)
  - c) Estudo de viabilidade/sostenibilidade do proxecto (análise de contexto, políticas de apoio, aspectos Institucionais, aspectos socio-culturais, enfoque de xénero, factores tecnolóxicos, factores medio-ambientais, factores económicos-financeiros, xestión posterior ao remate do proxecto, etc.).
  - d) Identificación do socio ou contraparte local (denominación, localización, memoria de actividades, administradores, responsables do proxecto, etc).
  - e) Distribución de responsabilidades e funcións entre a beneficiaria e o socio ou contraparte local.
  - f) No caso de obras, proxecto técnico ou memoria valorada, con planos de conxunto e de detalle que sexan precisos, así como dispoñibilidade de terreos ou inmobles e compromiso de obtención de licenzas e permisos necesarios.
  - g) Obxetivos xerais e específicos da intervención.
  - h) Indicadores obxectivamente verificables do cumprimento dos obxetivos, actividades previstas e resultados esperados.
  - i) Cronograma de actividades/investmentos. Tendo en conta que o período de execución do proxecto, terá que encadrase no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2018.
  - j) Identificación exacta e pormenorizada das fontes de financiamento complementarias á solicitada á Deputación da Coruña.
  - k) Identificación e grado de implicación dos beneficiarios finais, criterios de selección destes e grado de participación local na elaboración e execución do proxecto.
  - l) Memoria económica do proxecto, que deberá adaptarse aos conceptos de gastos contenidos no apartado 3 da base 3 sinalado anteriormente.
  - m) Orzamento detallado, facendo mención ao custe total do proxecto, en moeda local e en euros. Cando os investmentos subvencionados se realicen en terceiros países, admitiranse como gastos subvencionables os xerados polo persoal da entidade beneficiaria española polo desprazamento ao terreo que fora necesario, ata o 10% do orzamento.
  - n) Relación de persoal laboral e voluntario da entidade solicitante que participará na execución do proxecto e datos identificativos do citado persoal: nome, DNI e posto ou función na organización.

## Base 8.–Resolución

### 8.1.–Valoración das solicitudes

#### Cráterios de baremación do programa

	CRITERIO	PTOS.
RELATIVOS Á ENTIDADE SOLICITANTE	Sede social (5) ou delegación (3,5) na provincia da Coruña ou fora dela (2)	5
	Entidade inscrita no Rexistro Galego de Ongd	5
	Anos de experiencia no sector (3-5 anos: 2; 6-8: 3; 9 ou máis: 4)	4
	Capacidade de xestión na provincia (1-2 empregados: 2; 3-4: 3; 5 ou máis: 4)	4
	Número de socios ou colaboradores na provincia (25-30: 2; 31-50: 3; 51 ou máis: 4)	4
	Anos de experiencia do socio local (3-5 anos: 2; 6-8: 3; 9 ou máis: 4)	4
	Participación en plataformas, foros e redes pola beneficiaria (2) e contraparte (2)	4

RELATIVOS AO PROXECTO	Viabilidade (puntuación máxima): contexto (1), pertinencia (1), obxectivos (1), descripción das actividades (1) e coherencia (1)	5
	Beneficiarios directos (ata 50: 5; 51 ou máis: 6)	6
	Beneficiarios indirectos (ata 100: 3; 101 ou máis: 4)	4
	Prioridades xeográficas base 3: a): 8; b): 7; c): 6; resto: 5	8
	Prioridades sectoriais base 3: a): 3; b): 3; c): 1; d): 1; e): 1; f): 1	10
	Outros criterios base 3: a): 2; b): 2; c): 2; d): 1; e): 1; f): 2; g): 2	12
	Proxecto de axuda humanitaria	12
	Financiación propia ( ata o 10%: 3; 10,1-30%: 4; máis do 30%: 5)	5
	Contribucións locais (ata o 10%: 3; 10,1-30%: 4; máis do 30%: 5)	5
	Emprego da lingua galega na redacción do proxecto	3

O importe da subvención deberá estar comprendido entre os límites establecidos na convocatoria (de 8.000 a 32.000 €), priorizando as solicitudes con maior puntuación, entre as que obteñan un mínimo de 25 puntos na valoración do proxecto, sempre que este acade unha valoración positiva na análise de viabilidade.

O importe concreto virá determinado polos puntos obtidos, que se corresponderán cunha porcentaxe sobre o importe solicitado, nunha escala que vai desde un mínimo de 30 puntos, ao que lle correspondería un 20% da cantidade solicitada, ata 80 puntos, a partir do cal se lle asignaría o 100%.

### 8.5.-Prazo de resolución

De acordo co previsto no art. 25.4 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, o prazo máxima para resolver o notificar a resolución definitiva será de seis meses desde a data de publicación da convocatoria no BOP

### Base 9.-Xustificación e pagamento

#### 9.1.-Prazo de xustificación

De acordo co previsto no apartado 9.1 das bases reguladoras xerais, establécese como prazo de xustificación o 30.06.2019, prorrogable a petición da entidade beneficiaria ate o 30.09.2019.

#### 9.2.-Consideracións xerais sobre o pagamento

1. As entidades beneficiarias poderán solicitar a realización dun primeiro pagamento, por importe equivalente ao 80% da subvención concedida, con carácter de anticipo prepagable, tendo en conta as seguintes previsións:

a) Non se tramitarán pagamentos anticipados por importe inferior a 6.000 €.

b) Se requirirá a previa constitución de fianza, aval ou outra forma de garantía polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles xuros moratorios.

c) Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se houbera presentado a xustificación correspondente.

d) A entidade beneficiaria poderá solicitar o pagamento anticipado acreditando a apertura dunha conta bancaria co título "Fondos para atender o proxecto .....", con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros pagamentos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente determinará o tipo de cambio aplicable, tendo en conta a documentación presentada e os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

#### 9.3.-Documentación xustificativa

O contido da documentación xustificativa a presentar polas entidades beneficiarias é a seguinte:

1. Memoria técnica da realización do proxecto subvencionado, suscrita polo representante da entidade beneficiaria, que describirá os investimentos realizados, resultados obtidos e o grao de cumprimento dos obxectivos propostos, acompañada das fontes de verificación que procedan.

2. Reportaxe fotográfica dos investimentos realizados.

3. Acreditación da entrega e recepción de conformidade dos investimentos realizados, así como compromiso de destinalos á finalidade social para a que foron realizados durante cinco anos máis, polo menos.

4. Acreditación das licenzas e permisos necesarios para levalos a cabo.

5. Acreditación da difusión dada á colaboración financeira da Deputación provincial da Coruña a través de calquera medio que permita deixar constancia diso.

6. Certificación de que foi cumprida a finalidade para a cal se outorgou a subvención conforme o orzamento e proxecto presentado.

7. Memoria económica, consistente nunha certificación que conterá unha relación ordenada, detallada e clasificada dos gastos realizados, agrupados por financiadores, se fora o caso, acompañando os xustificantes do tipo de cambio aplicado cando se trate de gastos cuxos documentos xustificativos se expresen en moeda distinta ao euro.

8. Declaración suscrita polo representante da entidade beneficiaria, relativa ao importe, procedencia e aplicación das subvencións e axudas obtidas, públicas ou privadas, coas que se financiaron as actividades obxecto do proxecto

9. Tanto a declaración como a memoria económica antes citadas poderán ser substituídas pola certificación dun auditor de contas, na forma prevista no apartado 2º da Base 56 do Orzamento 2018 (dispoñible no portal provincial de transparencia) e na Resolución de 11 de marzo de 2011, da Presidencia da AECID, pola que se aproban as normas de seguimento e xustificación das subvencións de convocatoria aberta e permanente para actividades de cooperación ao desenvolvemento (BOE núm. 80, de 4 de abril de 2011), cuxas normas serán de directa aplicación en todo o relativo á xustificación do proxecto.

#### 9.5.-Reintegro de subvencións anticipadas

1. No caso de incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade das subvencións de carácter prepagable, ou ausencia de xustificación destas nos termos contemplados nestas Bases, ou cando se acrediten estas circunstancias ou se poña de manifesto o incumprimento dos deberes do beneficiario durante proceso de control financeiro posterior ao pago, a Deputación provincial esixiralles ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias, o reintegro das cantidades correspondentes xunto cos intereses de demora correspondentes, de acordo co procedemento establecido.

2. De acordo co previsto no art. 90 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, a entidade beneficiaria poderá efectuar o reintegro dos importes que procedan segundo o procedemento previsto na Resolución da Presidencia núm. 6007/2011, de 1 de abril.

3. No caso de que non se efectuase o ingreso do importe que se ha de reintegrar no prazo establecido para o efecto, autorízase expresamente á Deputación para que poida efectuar a compensación con calquera débito a favor do beneficiario da subvención.

-----

La Junta de Gobierno de la Diputación Provincial de A Coruña, en sesión del 16 de marzo de 2018, acordó aprobar las bases específicas del siguiente programa de ayudas

#### PROGRAMA DE AYUDAS A ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO PARA EL COFINANCIAMIENTO DE PROYECTOS DE INVERSIONES EN EL ÁMBITO DE LA AYUDA AL DESARROLLO DURANTE 2018.

**BASES ESPECÍFICAS QUE COMPLEMENTAN LAS BASES REGULADORAS GENERALES DE LAS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIÓN DE LA DIPUTACIÓN PUBLICADAS EN EL BOP N.º 204 DE 26.10.2016 ([http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2017/10/26/2017\\_0000009052.pdf](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2017/10/26/2017_0000009052.pdf))**

#### Datos del programa

Denominación:	Programa de ayudas a entidades sin ánimo de lucro para el cofinanciamiento de proyectos de inversiones en el ámbito de la ayuda al desarrollo durante el ejercicio 2018.
Referencia:	DP0026/2018
Aplicación presupuestaria:	0520/23131/781
Importe total del crédito consignado:	110.000,00 €
Importe máximo del presupuesto de gastos:	40.000,00 €
Importe máximo de la subvención a conceder:	32.000,00 €
Importe mínimo da subvención a conceder:	8.000,00 €
Coficiente de financiación	Entre el 20 y el 80% del presupuesto de gastos

#### Base 3.-Objeto

##### Objeto específico del programa

1. Las presentes bases tiene por objeto regular la concesión de subvenciones por parte de la Excm. Diputación de A Coruña, en régimen de concurrencia competitiva, para financiar inversiones en proyectos de ayuda al desarrollo (cooperación internacional, ayuda humanitaria, sensibilización, educación para el desarrollo, comercio justo...) que se realicen

en 2018 por parte de entidades sin ánimo de lucro que tengan la consideración de beneficiarias de conformidad con lo establecido en las presentes bases.

2. Los proyectos deberán contemplar en su diseño y ejecución las prioridades transversales definidas en el III Plan Director de Cooperación Galega 2014-2017, relativas a la lucha contra la pobreza, la igualdad de género, la defensa de la sustentabilidad ambiental, el respeto por los derechos humanos y la defensa de la interculturalidad, y las siguientes otras prioridades:

- **PRIORIDADES GEOGRÁFICAS.**—Se consideran áreas geográficas prioritarias:

a) América Latina y Caribe: Bolivia, Ecuador, Perú, El Salvador, Guatemala, Honduras, Nicaragua e República Dominicana;

b) África: Cabo Verde y Mozambique;

c) Oriente Próximo: Territorios Palestinos;

d) Los países considerados como países menos desarrollados (PMD) tendrán, así mismo, la consideración de países prioritarios por ser países que precisan de una especial atención por parte de toda la comunidad internacional, como pueden ser Mali, Níger, Senegal....

e) Tendrán, así mismo, la consideración de países prioritarios aquellos países donde la cooperación gallega genera capacidades en la atención a poblaciones refugiadas y desplazadas y aquellas afectadas por conflictos actuales, olvidados o crisis humanitarias como son: Población saharauí, territorios palestinos e Haití.

f) Aquellas en las que la cooperación gallega, y particularmente las entidades beneficiarias, tengan demostrada una amplia experiencia de trabajo, como pueden ser Guinea Bissau y la India.

- **PRIORIDADES SECTORIALES.** Se consideraran prioridades sectoriales las siguientes:

a) Necesidades sociales básicas: Fortalecimiento de los sistemas de salud básica, a través de la atención primaria, nutrición, salud reproductiva y materno-infantil, educación para la salud, etc. mejora de los sistemas educativos, que incluye educación básica y alfabetización de adultos.

b) Protección de las personas más vulnerables: infancia y juventud, en especial, las actuaciones destinadas a la erradicación de cualquier tipo de explotación infantil. Refugiados y desplazados, potenciando las actuaciones encaminadas a paliar la situación por la que atraviesan las personas afectadas por conflictos civiles y la inestabilidad política. Poblaciones indígenas, promoviendo su propio desarrollo social, económica y cultural, manteniendo sus propias entidades culturales. Mujeres, con el fin de fomentar el empoderamiento de éstas potenciando la participación de las destinatarias en el diseño, ejecución y evaluación de los proyectos.

c) Mejora de las condiciones económicas y generación de ingresos de los colectivos más desfavorecidos: Desarrollo de programas de cooperativismo, así como el fortalecimiento del sistema de microcréditos; impulso del comercio justo, etc.. Formación de los trabajadores y difusión de los derechos laborales.

d) Protección y respeto de los derechos humanos, fortalecimiento institucional, fomento de valores humanos, democráticos e igualdad de oportunidades.

e) Desarrollo de las instituciones democráticas para la solución de conflicto y cultura de la paz.

f) Protección y mejora de la calidad de medio ambiente, conservación racional y utilización renovable y sustentable de la biodiversidad, desarrollo de la investigación científica y tecnológica y fomento de recursos energéticos que eviten el deterioro del medio ambiente.

- **OTROS CRITERIOS PRIORITARIOS:**

a) Aquellos proyectos que formen parte de un Plan Integral de Desarrollo más amplio y a más largo plazo.

b) Que requieran una participación estrecha y directa de los beneficiarios últimos de su ejecución y que persigan el desarrollo integral de la área geográfica donde se materialice el proyecto, en especial de los sectores más desfavorecidos de la población, contribuyendo con eso al desarrollo y a la disminución de la injusticia social. El proyecto debe redundar en la ampliación de capacidades de las personas beneficiarias, y no ser en ningún caso discriminatorio por razón de cultura, raza, género, religión u origen. Además debe fomentar la igualdad entre hombres y mujeres y respetar la protección del medio.

c) Que los proyectos de cooperación internacional se promuevan en colaboración con los grupos o asociaciones locales (contrapartes y socios locales, nunca con personas físicas) que ofrezcan garantías suficientes de que los objetivos establecidos se van a alcanzar y que participen responsablemente en su ejecución material y en la gestión de los recursos, constanding expresamente su compromiso en el proyecto. En el caso de participación de organismos gubernamentales, las acciones desarrolladas no pueden sustituir los deberes del poder público en la prestación de los servicios públicos, sino

al contrario, el proyecto debe alinearse con las estrategias públicas y objetivos de desarrollo del país socio, con el fin de garantizar su adecuación y sustentabilidad.

d) Proyectos presentados por Agrupaciones de ONGD.

e) Aquellas acciones que sean complementarias de proyectos emprendidos en zonas donde se desarrollan con éxito proyectos financiados por la Diputación de A Coruña.

f) Aquellos proyectos que incorporen el enfoque de género, en todo el ciclo del proyecto.

g) Aquellos proyectos en cuya elaboración, ejecución o evaluación participen personas residentes en la provincia de A Coruña.

3. Se consideran gastos subvencionables los siguientes:

CUENTA	DESCRIPCIÓN DE LA CUENTA, SEGÚN EL PLAN GENERAL DE CONTABILIDAD (*)
206	Aplicaciones informáticas
211	Construcciones
213	Maquinaria
214	Utilaje
216	Mobiliario
217	Equipos para procesos de información
218	Elementos de transporte
640	Sueldos y salarios - Ver punto 4
642	Seguridad Social a cargo a la entidad - Ver punto 4
654	Desplazamientos - Ver punto 4
669	Otros gastos financieros (formalización y mantenimiento de fianzas, avales u otras formas de garantía o financiación) - Ver punto 5
(*).-Resolución de 26 de marzo de 2013, del Instituto de Contabilidad y Auditoría de Cuentas, por la que se aprueba el Plan de Contabilidad de las entidades sen ánimo de lucro	

4. Cuando las inversiones subvencionadas se realicen en terceros países, se admitirán como gastos subvencionables los generados por el personal de la entidad beneficiaria española (en la sede o expatriado), por el tiempo dedicado al proyecto, así como los derivados por su desplazamiento desde España al terreno que fuera necesario, siempre que en conjunto no excedan del 10% del presupuesto.

5. Al respecto de los gastos de formalización y mantenimiento de fianza, avales y otras formas de garantía o financiación, sólo serán subvencionables los comprometidos entre la fecha de publicación en el BOP de la convocatoria y la fecha de presentación de la cuenta justificativa.

#### Base 4.-Exclusiones

##### Exclusiones del programa

Además de las exclusiones expresadas en el punto 4 de las bases generales, no serán objeto de subvención en este programa los siguientes:

Los gastos que no se correspondan con la ejecución del proyecto de inversión objeto de la convocatoria

#### Base 5.-Solicitantes

##### Requisitos específicos del programa

1. Podrán acceder a la condición de beneficiario las entidades privadas sin ánimo de lucro validamente constituidas, con una antigüedad mínima de 3 años antes de la fecha de finalización del plazo de solicitud, valorándose de modo especial a aquellas que, según sus propios estatutos, tengan entre sus fines la realización de proyectos de ayuda al desarrollo (Cooperación internacional, ayuda humanitaria y de emergencia, sensibilización, educación para el desarrollo, comercio justo....) y están inscritas en el registro gallego específico para este tipo de entidades.

2. Así mismo, son requisitos exigibles a los beneficiarios, que deberán estar cumplidos antes de la fecha de finalización del plazo de solicitud, además de los previstos en las bases reguladoras generales (BOP 204, de 26.10.2017) y en la Ley General de Subvenciones, los siguientes:

a) Tener domicilio social en la Provincia de A Coruña.

b) También podrán participar las entidades que no cumplan el requisito anterior, pero tengan representación o delegación permanente en la Provincia de A Coruña.

c) En todo caso, las entidades solicitantes deberán disponer de una infraestructura mínima que garantiza el desarrollo del proyecto para el que se solicita la subvención.



3. Los proyectos deberán demostrar con claridad su viabilidad mediante el análisis de sus antecedentes y contexto social, económico y cultural, objetivos y resultados a alcanzar, detalle de actividades a realizar, metodología, pertinencia y coherencia de las soluciones propuestas.

4. En proyectos de cooperación internacional, las entidades beneficiarias deberán asegurar la capacidad, implicación e implantación de sus contrapartes o socios locales, así como la implicación de la propia comunidad en el proyecto a través de la intervención de la contaparte.

5. Los beneficiarios de estas subvenciones también podrán ser de otras que pueda conceder la Diputación de A Coruña en el ámbito de las competencias de la Comisión de Bienestar Social, Educación y Políticas de Igualdad de Género, siempre que se trate de actividades distintas a las de este programa de subvenciones.

#### **Base 6.-Obligaciones de las entidades**

##### **Obligaciones de las entidades beneficiarias**

Además de las expresadas en las bases reguladoras generales (BOP 204, del 26.10.2017), las entidades solicitantes tendrán las siguientes obligaciones:

No subcontratar los proyectos o actividades objeto de la subvención. Para estos efectos, no se considerará subcontrato las actuaciones realizadas a través del socio o contraparte local debidamente identificado en el documento de formulación del proyecto.

#### **Base 7.-Solicitudes**

##### **7.1.-Plazo de presentación de solicitudes**

El plazo de presentación de solicitudes (de forma telemática) se determinará en el anuncio de publicación del extracto de la convocatoria de este programa en el BOP de A Coruña, a través del Sistema Nacional de Publicación de Subvenciones.

##### **7.2.-Documentación**

Las entidades solicitantes que concurran a la convocatoria de subvenciones deberán entregar la documentación que se indica en el punto 7 de las bases generales (BOP 204, do 26.10.2017) y la siguiente

1. Formulario de solicitud según el modelo normalizado (Anexo I) facilitado a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la web de la Diputación <https://sede.dacoruna.gal/>

2. PROYECTO de la actividad, que deberá incluir los siguientes apartados:

- a) Identificación y formulación precisas, con objetivos claros y adaptados a la realidad actual.
- b) País beneficiario y localización (planos, mapas, vías de acceso, etc.)
- c) Estudio de viabilidad/sostenibilidad del proyecto (análisis de contexto, políticas de apoyo, aspectos Institucionales, aspectos socio-culturales, enfoque de género, factores tecnológicos, factores medio-ambientales, factores económicos-financieros, gestión posterior al remate del proyecto, etc.).
- d) Identificación del socio o contraparte local (denominación, localización, memoria de actividades, administradores, responsables do proxecto, etc).
- e) Distribución de responsabilidades y funciones entre la beneficiaria y el socio o contraparte local.
- f) En el caso de obras, proyecto técnico o memoria valorada, con planos de conjunto y de detalle que sean precisos, así como disponibilidad de terrenos o inmuebles y compromiso de obtención de licencias y permisos necesarios.
- g) Objetivos generales y específicos de la intervención.
- h) Indicadores objetivamente verificables del cumplimiento de los objetivos, actividades previstas e resultados esperados.
- i) Cronograma de actividades/inversiones. Teniendo en cuenta que el período de ejecución del proyecto, tendrá que encuadrarse en el período comprendido entre el 1 de enero y el 31 de diciembre de 2018
- j) Identificación exacta e pormenorizada de las fuentes de financiación complementarias a la solicitada a la Diputación de A Coruña.
- k) Identificación y grado de implicación de los beneficiarios finales, criterios de selección de estos y grado de participación local en la elaboración e ejecución do proyecto.
- l) Memoria económica del proyecto, que deberá adaptarse a los conceptos de gastos contenidos en apartado 3 de la base 3 indicado anteriormente.

m) Presupuesto detallado, mencionando el costo total del proyecto, en moneda local y en euros. Cuando las inversiones subvencionadas se realicen en terceros países, se admitirán como gastos subvencionables los generados por el personal de la entidad beneficiaria española por el desplazamiento al terreno que fuera necesario, hasta el 10% del presupuesto.

n) Relación de personal laboral y voluntario de la entidad solicitante que participará en la ejecución del proyecto y datos identificativos del citado personal: Nombre, DNI y puesto o función en la organización.

## Base 8.-Resolución

### 8.1.-Valoración de las solicitudes

#### Crterios de baremación del programa

	CRITERIO	PTOS.
RELATIVOS A LA ENTIDAD SOLICITANTE	Sede social (5) o delegación (3,5) en la provincia de A Coruña o fuera de ella (2)	5
	Entidad inscrita no Rexistro Galego de Ongd	5
	Años de experiencia en el sector (3-5 años: 2; 6-8: 3; 9 o más: 4)	4
	Capacidad de gestión en la provincia (1-2 empleados: 2; 3-4: 3; 5 o más: 4)	4
	Número de socios o colaboradores en la provincia (25-30: 2; 31-50: 3; 51 o más: 4)	4
	Años de experiencia del socio local (3-5 años: 2; 6-8: 3; 9 o más: 4)	4
	Participación en plataformas, foros y redes por la beneficiaria (2) y contraparte (2)	4
RELATIVOS AL PROYECTO	Viabilidad (puntuación máxima): contexto (1), pertinencia (1), objetivos (1), descripción de las actividades (1) e coherencia (1)	5
	Beneficiarios directos (hasta 50: 5; 51 o más: 6)	6
	Beneficiarios indirectos (hasta 100: 3; 101 o más: 4)	4
	Prioridades geográficas base 3: a): 8; b): 7; c): 6; resto: 5	8
	Prioridades sectoriales base 3: a): 3; b): 3; c): 1; d): 1; e): 1; f): 1	10
	Otros criterios base 3: a): 2; b): 2; c): 2; d): 1; e): 1; f): 2; g): 2	12
	Proyecto de ayuda humanitaria	12
	Financiación propia (ata o 10%: 3; 10,1-30%: 4; máis do 30%: 5)	5
	Contribuciones locales (ata o 10%: 3; 10,1-30%: 4; máis do 30%: 5)	5
Empreo de la lengua gallega en la redacción del proyecto	3	

El importe de la subvención deberá estar comprendido entre los límites establecidos en la convocatoria (de 8.000 a 32.000 €), priorizando las solicitudes con mayor puntuación, entre las que obtenga un mínimo de 25 puntos en la valoración del proyecto, siempre que este alcance una valoración positiva en el análisis de viabilidad.

El importe concreto vendrá determinado por los puntos obtenidos, que se corresponderán con un porcentaje sobre el importe solicitado, en una escala que va desde un mínimo de 30 puntos, al que le correspondería un 20% de la cantidad solicitada, hasta 80 puntos, a partir del cual se le asignaría el 100%

### 8.5.-Plazo de resolución

De acuerdo con lo previsto en el artículo 25.4 de la Ley 38/2003, General de subvenciones, el plazo máximo para resolver o notificar la resolución definitiva será de seis meses desde la fecha de publicación de la convocatoria en el BOP.

## Base 9.-Justificación y pago

### 9.1.-Plazo de justificación

De acuerdo con lo previsto en el apartado 9.1 de las bases reguladoras generales, se establece como plazo de justificación el 30.06.2019, prorrogable a petición de la entidad beneficiaria hasta el 30.09.2019.

### 9.2.-Consideraciones generales sobre el pago

1. Las entidades beneficiarias podrán solicitar la realización de un primer pago, por un importe equivalente al 80% de la subvención concedida, con carácter de anticipo prepagable, teniendo en cuenta las siguientes previsiones:

- No se tramitarán pagos anticipados por un importe inferior a 6.000 €.
- Se requerirá la previa constitución de fianza, aval u otra forma de garantía por el importe total de la cantidad anticipada más un 20% en concepto de posibles intereses de demora.
- No será posible expedir un pago anticipado si la entidad beneficiaria tiene pendiente de justificación una cantidad anticipada con anterioridad para la misma finalidad o para otras finalidades y, teniendo finalizado el plazo, no se hubiera presentado la justificación correspondiente.

d) La entidad beneficiaria podrá solicitar el pago anticipado acreditando la apertura de una cuenta bancaria con el título "Fondos para atender el proyecto...." con cargo a la que deberán efectuarse todos los cobros y pagos que correspondan a

la actividad subvencionada. Un extracto de los movimientos de la cuenta deberá remitirse a la Diputación Provincial junto con la justificación documental de la aplicación de los fondos provinciales a la finalidad prevista.

2. Para los efectos de cuantificar el gasto subvencionable justificado en moneda distinta al euro, la Sección de Desarrollo Territorial, Cooperación e Medio Ambiente determinará el tipo de cambio aplicable, teniendo en cuenta la documentación presentada y los criterios contables generalmente admitidos. Todos los pagos que realice la Diputación serán en moneda euro.

### 9.3.-Documentación justificativa

El contenido de la documentación justificativa a presentar por las entidades beneficiarias es la siguiente:

1. Memoria técnica de la realización del proyecto subvencionado, suscrita por el representante de la entidad beneficiaria, que describirá las inversiones realizadas, resultados obtenidos y el grado de cumplimiento de los objetivos propuestos, acompañada de las fuentes de verificación que procedan.

2. Reportaje fotográfico de las inversiones realizadas.

3. Acreditación de la entrega y recepción de conformidad de las inversiones realizadas, así como compromiso de destinarlos a la finalidad social para la que fueron realizados durante cinco años más, por lo menos.

4. Acreditación de las licencias y permisos necesarios para llevarlos a cabo.

5. Acreditación de la difusión dada a la colaboración financiero de la Diputación Provincial de A Coruña a través de cualquiera medio que permita dejar constancia de ello.

6. Certificación de que se cumplió la finalidad para la que se otorgó la subvención conforme al presupuesto y proyecto presentado.

7. Memoria económica, consistente en una certificación que contendrá una relación ordenada, detallada y clasificada de gastos realizados, agrupados por financiadores, si fuera el caso, acompañando los justificantes del tipo de cambio aplicado cuando se trate de gastos cuyos documentos justificativos se expresen en moneda distinta al euro.

8. Declaración suscrita por el representante de la entidad beneficiaria, relativa al importe, procedencia y aplicación de las subvenciones y ayudas obtenidas, públicas y privadas, con las que se financiaron las actividades objeto del proyecto.

9. Tanto la declaración como la memoria económica antes citadas podrán ser sustituidas por la certificación de un auditor de cuentas, en la forma prevista en el apartado 2º de la Base 56 del Presupuesto 2018 (disponible en el portal provincial de transparencia) y en la Resolución de 11 de marzo de 2011, de la Presidencia de AECID, por la que se aprueban las normas de seguimiento y justificación de las subvenciones de convocatoria abierta y permanente para actividades de cooperación al desarrollo (BOE n.º 80, de 4 de abril de 2011), cuyas normas serán de directa aplicación en todo o relativo a la justificación del proyecto.

### 9.5.-Reintegro de subvenciones anticipadas

1. En el caso de incumplimiento del objeto, condiciones o finalidades de las subvenciones de carácter prepagable, o ausencia de justificación de estas no términos contemplados en estas Bases, o cuando se acrediten estas circunstancias o se ponga de manifiesto el incumplimiento de los deberes del beneficiario durante el proceso de control financiero posterior al pago, la Diputación provincial exigirá a las personas físicas o jurídicas beneficiarias, el reintegro de las cantidades correspondientes junto con los intereses de demora que les sean aplicables, de acuerdo con el procedimiento establecido.

2. De acuerdo con lo previsto en el art. 90 del Real Decreto 887/2006, por el que se aprueba el reglamento de la Ley General de Subvenciones, la entidad beneficiaria podrá efectuar el reintegro de los importes que procedan según el procedimiento previsto en la Resolución de la Presidencia n.º 6007/2011, de 1 de abril.

3. En el caso de que no se efectuase el ingreso del importe que se ha de reintegrar en el plazo establecido para el efecto, se autoriza expresamente a la Diputación para que pueda efectuar la compensación con cualquier débito a favor del beneficiario de la subvención.

A Coruña, 16 de marzo de 2018.

La Secretaria Accidental,

M.ª Amparo Taboada Gil

El Presidente,

Valentín González Formoso

2018/2135